



Rúa Estocolmo, 8  
15707 – Santiago de Compostela

[anpasgalegas@gmail.com](mailto:anpasgalegas@gmail.com)

[www.anpasgalegas.gal](http://www.anpasgalegas.gal)

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>

<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>

Tel 600 699 293 - 610 616 968

## **QUE QUEREMOS AS ANPAS QUE FAGAN OS CONCELLOS EN MATERIA EDUCATIVA?**

### INTRODUCCIÓN

1. NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA.
2. CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL
3. COORDINACIÓN ENTRE AS CONCELLERÍAS E CANLES DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ
4. DESEÑO DOS MAPAS ESCOLARES
5. MANTEMENTO DOS CENTROS ESCOLARES
6. UTILIZACIÓN DOS CENTROS ESCOLARES.
7. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS.
  - a) Comedores escolares.
  - b) Actividades extraescolares
  - c) Actividades de conciliación en períodos non lectivos
8. ATENCIÓN SOCIAL Á INFANCIA, COORDINADA COS SERVIZOS EDUCATIVOS COMPLEMENTARIOS.
9. ACTIVIDADES CULTURAIAS: AS ESCOLAS DE MÚSICA
10. EDUCACIÓN AMBIENTAL
11. ACCESIBILIDADE DAS DOTACIÓNS COMUNITARIAS
12. TRANSFORMACIÓN DO ACTUAL ESPAZO PÚBLICO NUN ESPAZO PÚBLICO RESPECTUOSO COA INFANCIA.
13. A INTEGRACIÓN DA OFERTA FORMATIVA COA REALIDADE LABORAL E ECONÓMICA
14. DEPORTE E INSTALACIÓNS DEPORTIVAS
15. ORGANIZACIÓN DO TRÁFICO. NOMEADAMENTE ENTRADA E SAÍDA DOS CENTROS ESCOLARES.
16. CONCELLO INFORMADO
17. CONCELLO EDUCADOR



Rúa Estocolmo, 8  
15707 – Santiago de Compostela

[anpasgalegas@gmail.com](mailto:anpasgalegas@gmail.com)

[www.anpasgalegas.gal](http://www.anpasgalegas.gal)

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>

<https://twitter.com/ANPASGALEGAS>

Tel 600 699 293 - 610 616 968

## INTRODUCCIÓN

Dentro duns meses hai eleccións municipais, imos escoller quen vai gobernar os nosos concellos e imos decidir cal das propostas que nos presenten é a que cremos máis acaída aos nosos intereses colectivos, como cidadáns, como usuarios e, cal é o noso caso, como familias con fillos e fillas en idade escolar.

O goberno dos Concellos ten nas súas mans a administración máis achegada á realidade cotiá, a que máis nos afecta; pero tamén ten o potencial de traballar coas outras administracións públicas para axilizar a relación da cidadanía con institucións moitas veces arredadas ou dificilmente accesíbeis.

Por iso, queremos facer un catálogo de intencións, isto que logo explicaremos é o que desexamos que sexa compromiso de calquera partido ou formación que pretenda gobernarnos, e proxecto e actuación dos que gañen as eleccións.

Como nais e pais de nenos e nenas, e mozas e mozos do ensino público, (un ensino que inclúe a educación infantil, primaria e secundaria, e tamén as ensinanzas artísticas, de idiomas e deportivas), entendemos que o obxectivo principal da administración pública, e nomeadamente dos concellos -ben dende o punto de vista da competencia propia, ben dende a perspectiva do intermediario diante da administración autonómica-, debe ser a formación e o desenvolvemento integral, -social, persoal e académico-, da infancia e a xuventude, porque esta é a base da sociedade presente e futura.

Nós queremos un goberno municipal que defenda o ensino público, que poña ao seu servizo os seus recursos e esforzos, mais aló de resultados inmediatos e de rendas electoralistas. Que entenda o ensino como un instrumento esencial ao servizo dunha sociedade galega democrática, igualitaria, inclusiva e participativa, en definitiva dunha sociedade mellor para todos e todas.



Rúa Estocolmo, 8  
15707 – Santiago de Compostela

[anpasgalegas@gmail.com](mailto:anpasgalegas@gmail.com)

[www.anpasgalegas.gal](http://www.anpasgalegas.gal)

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>

<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>

**Tel 600 699 293 - 610 616 968**

Tamén desexamos ter no Concello o único lugar a onde ir para solucionar os nosos problemas e para aportar as nosas propostas, para o que directamente lle competa, e tamén para o que deba ser tratado noutros ámbitos, porque entendemos que a administración municipal pode ser unha excelente transmisora e centralizadora de demandas cidadás. De feito, unha das constantes da actual organización administrativa é a permanente discusión de competencias entre as diferentes administracións; aí é onde entendemos que o Concello debe ter unha postura aglutinadora, en ámbalas dúas direccións, de tal xeito que poidamos avanzar con máis axilidade na resolución de problemas.

Queremos salientar dun xeito específico a necesidade de que a administración competente, sexa cal sexa, aproveite o inmenso capital existente no asociacionismo vinculado ás necesidades educativas específicas, porque todas esas asociacións, que dispoñen dunha experiencia necesariamente aproveitábel, deben estar chamadas a colaborar dun xeito activo na vida cotiá, e moi sinaladamente nos centros escolares: apoiamos o establecemento de convenios, ou plans de colaboración, con este tipo de asociacións, e a ampliación da súa presenza na vida ordinaria dos centros escolares, para impulsar a inclusión real das persoas afectadas dun xeito directo ou mediante a formación do profesorado ou dos cuidadores. E pensamos que os Concellos poden e deben ter a iniciativa de presentar diante da Xunta de Galicia a necesidade desta participación, e/ou incentivala eles mesmos nos casos en que o ámbito de actuación así o aconselle.

Por iso queremos presentarvos o que nós entendemos que debe facer un Concello Galego nunha enumeración con pretensión de importancia, pero por suposto non excluínte.



Rúa Estocolmo, 8  
15707 – Santiago de Compostela

[anpasgalegas@gmail.com](mailto:anpasgalegas@gmail.com)

[www.anpasgalegas.gal](http://www.anpasgalegas.gal)

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>

<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>

Tel 600 699 293 - 610 616 968

## 1. NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Os Concellos teñen que ser os primeiros defensores da nosa lingua; e queremos que o galego estea presente en todas as accións postas en marcha pola administración local, pero tamén nas contratadas ou apoiadas por esta, aínda cando se desenvolvan por empresas privadas, e nomeadamente canto esteamos a falar de accións, programas ou campañas dirixidas aos escolares e/ou desenvoltas nos centros educativos.

Pensamos que o Concello ten que ser espello onde se mirar para a normalización do uso da nosa lingua, sen facer dela un uso ritual, senón dándolle presenza cotiá nas relacións coa cidadanía.

## 2. CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL

A súa definición legal dinos que son *“os órganos de consulta e participación dos sectores afectados na programación do ensino non universitario e na planificación dos centros escolares no ámbito municipal”*.

Nós queremos que este órgano gañe en presenza na vida ordinaria do Concello, que se lle dea visibilidade diante da Comunidade Educativa, e mesmo de toda a cidadanía, e que as súas conclusións sexan valoradas e utilizadas; e que iso implique a súa convocatoria ordinaria polo menos ao comezo e ao final de cada curso escolar, e a extraordinaria sempre que as circunstancias educativas do concello así o aconsellen.

A concellería de educación promoverá, facilitará e garantirá a participación activa no Consello Escolar Municipal así como o seu funcionamento transparente e democrático.

O Consello Escolar Municipal programará regularmente actos, experiencias, obradoiros, cursos, etc. dirixidos a toda a comunidade educativa para a actualización das pedagogías e xeitos de educar adaptándoos aos tempos que vivimos e a liberdade propia dunha realidade diversa e activa.



Rúa Estocolmo, 8  
15707 – Santiago de Compostela

[anpasgalegas@gmail.com](mailto:anpasgalegas@gmail.com)

[www.anpasgalegas.gal](http://www.anpasgalegas.gal)

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>

<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>

Tel 600 699 293 - 610 616 968

### 3. COORDINACIÓN ENTRE AS CONCELLERÍAS E CANLES DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ

É necesaria unha coordinación entre concellerías para realizar un traballo eficaz e efectivo, que evite duplicidades e que sexa completo.

Obviamente, esta coordinación é precisa a todos os niveis, pero vólvese máis necesaria cando os destinatarios son toda a infancia e a mocidade do Concello, vivan onde vivan dentro do termo municipal; ou cando os temas que se tratan teñan unha forte compoñente de transversalidade, cal pode ser o caso da atención á diversidade funcional.

E nesa coordinación entendemos que é necesario que o cidadán, ademais das súas posibilidades asociativas particulares, teña diferentes opcións organizadas de colaboración, expresión de opinión e achegamento de ideas.

Estas opción vémolos como especialmente importantes, novamente sen ánimo de ser exhaustivos, en áreas moi concretas e que darían lugar, ou potenciarían, á órganos do tipo de:

- Consello municipal de Normalización Lingüística.
- Consello municipal de Accesibilidade
- Consello municipal de Deportes
- Consello municipal de Transportes.
- Consello municipal de Urbanismo.
- Consello municipal de Igualdade
- Consello municipal da Muller.

Que neste punto falemos como cidadáns non quere dicir que abandonemos o ton xeral deste documento, que está conscientemente feito dende as Asociacións de Nais e Pais de Alumnos e Alumnas do Ensino Público, o que quere dicir que sería a nosa intención estar presentes neses consellos municipais dun xeito diferenciado e permanente.



Rúa Estocolmo, 8  
15707 – Santiago de Compostela

[anpasgalegas@gmail.com](mailto:anpasgalegas@gmail.com)

[www.anpasgalegas.gal](http://www.anpasgalegas.gal)

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>

<https://twitter.com/ANPASGALEGAS>

Tel 600 699 293 - 610 616 968

#### 4. DESEÑO DOS MAPAS ESCOLARES

O Concello debe traballar na actualización constante do mapa escolar, de xeito que poida anticiparse aos incrementos/diminucións da poboación escolar froito dos cambios demográficos, para adecuar á oferta de prazas á demanda das familias, posibilitando que todos os nenos e nenas teñan unha praza nun centro de ensino público, que se poida prever a ampliación de espazos e a modificación de uso dos xa existentes e mesmo que existan unha previsión baseada na experiencia e no estudo sobre as vacantes normalmente demandadas no medio do curso escolar.

Neste eido, é moi importante evitar os “colexios refuxio” para determinadas problemáticas, se queremos que o ensino público reflecta a sociedade, para que os nenos e nenas, e as mozas e mozos, poidan vivir nel do mesmo xeito que viven e vivirán fóra, en todos os colexios ten que haber alumnado diverso, e en todos deben incorporarse con normalidade á comunidade educativa.

Da mesma maneira, é moi importante a normalización do alumnado na súa zona de influencia, así como que os colexios teñan as dimensións, espazos e servizos axeitados ás necesidades educativas internas; a confluencia de ámbalas dúas ideas será a construción de cantos centros sexan precisos para que todo o alumnado faga a súa vida escolar en colexios adaptados a súa realidade xeográfica e social, que garantan a igualdade de oportunidades, evitando os de gran tamaño -máis de dúas liñas- sempre que iso sexa posíbel, e que contén con similares características e dotacións, o que afondará na igualdade o a do ensino e da convivencia impartidos.

E por suposto, o Concello debe ser o interlocutor coa administración autonómica para a ampliación e construción de novos centros cando así se requira.



Rúa Estocolmo, 8  
15707 – Santiago de Compostela

[anpasgalegas@gmail.com](mailto:anpasgalegas@gmail.com)

[www.anpasgalegas.gal](http://www.anpasgalegas.gal)

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>

<https://twitter.com/ANPASGALEGAS>

Tel 600 699 293 - 610 616 968

## 5. MANTEMENTO DOS CENTROS ESCOLARES

Os concellos deben ter elaborada unha avaliación das instalacións escolares que sexan da súa competencia, unha avaliación que dea lugar ao coñecemento das necesidades presentes, e ao adiantamento das necesidades futuras, e que traia como consecuencia a elaboración dun calendario de actuacións tendentes á conservación do centro en condicións dignas e saudábeis, así como á reclamación á Xunta de Galicia das actuacións que lle competan e que sexan precisas para esa conservación.

Tamén é preciso que acometan, nos centros da súa competencia, o mantemento periódico das instalacións escolares que permita o seu correcto funcionamento ao longo de todo o ano, anticipándose ao deterioro mediante a prevención e a planificación das situacións cotiás derivadas da climatoloxía e o uso ordinario. Falamos de sistematizar as limpezas dos caneiros, o mantemento das zonas axardinadas, a pintura de fachadas e valados ou calquera outra actuación que poida ser planificada con antelación.

Por suposto, deben tamén atender ao mantemento puntual de todas as deficiencias que xurdan no día a día, e esa atención debe estar organizada seguindo un procedemento claro, rápido e sinxelo, e que permita realizar un seguimento do proceso e da correcta reparación da avaría.

Neste senso, reclamamos como un punto especialmente sensible, o tratamento dos parques infantís interiores dos colexios de infantil e primaria como se fosen parques públicos, cun mantemento sistemático e unha vixilancia constante.

Entendemos como un punto destacable, que os concellos deben prestar atención prioritaria a aquelas avarías ou eivas que afecten á seguridade dos cativos e cativas, traballando non só na reparación das avarías que poidan xurdir, senón mesmo na erradicación das múltiples realidades existentes que impliquen un certo factor de risco, zonas esvaradías, pavimentos incorrectos, espazos non iluminados, elementos con risco de choque, diferenzas abruptas de nivel, etc.



Rúa Estocolmo, 8  
15707 – Santiago de Compostela  
[anpasgalegas@gmail.com](mailto:anpasgalegas@gmail.com)  
[www.anpasgalegas.gal](http://www.anpasgalegas.gal)  
<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>  
<https://twitter.com/ANPASGALEGAS>  
**Tel 600 699 293 - 610 616 968**

## 6. UTILIZACIÓN DOS CENTROS ESCOLARES

Os centros educativos, como institucións públicas, non deben permanecer en desuso fora do horario escolar e das actividades desenvolvidas polas ANPA; propoñemos que se establezan mecanismos e procedementos para promover e potenciar o seu uso, estendendo esta oferta ao resto da sociedade.

Calquera colexio é un potencial contedor de actividades sociais, lúdicas ou deportiva. É un desperdicio que a súa utilización se limite ao período lectivo no canto de aproveitarmos deses espazos para o servizo de todos, o que tamén é unha maneira de potenciar a convivencia e a comunicación entre a veciñanza.

Propomos que sexa a administración municipal quen dispoña e coordine a utilización dos centros educativos, previa modificación legal se fose necesario, e asumindo esta administración os custos íntegros de mantemento deses centros fóra do seu uso lectivo.

Evidentemente, a utilización dun centro escolar para fins alternativos non pode resultar un obstáculo para o seu uso educativo; é precisa unha coordinación permanente e unha priorización constante a favor dese uso; pero consideramos que cabe simultanear diferentes utilidades no mesmo espazo para favorecer un mellor uso das dotacións públicas.

Nesta liña demandamos a adecuación do horario habitual dos centros á actividade da comunidade educativa, nomeadamente no caso dos IES, nos que é oportuno que, os días da semana nos que haxa actividade lectiva de mañá e tarde, permanezan abertos ao mediodía.

Reclamamos que se faga efectiva a través das xestións dos propios concellos o uso dos IES fora do horario lectivo, especialmente como puntos de encontro da mocidade da contorna, e como espazos de ocio, para a posta en marcha de actividades artísticas, culturais e deportivas dirixidas a este colectivo, pero tamén como potencial espazo para a convivencia interxeracional e da comunidade social achegada ao centro.





Rúa Estocolmo, 8  
15707 – Santiago de Compostela

[anpasgalegas@gmail.com](mailto:anpasgalegas@gmail.com)

[www.anpasgalegas.gal](http://www.anpasgalegas.gal)

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>

<https://twitter.com/ANPASGALEGAS>

Tel 600 699 293 - 610 616 968

## 7. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

No que se refire as actividades complementarias, están a recaer na capacidade das ANPAs para organizalas. Entendemos que estas actividades deberan garantilas as administracións e liberar as ANPAs desta tarefa.

### a. Comedores escolares:

Os comedores escolares deben ser verdadeiros servizos educativos públicos que poderán ser ofertados en todos os centros educativos públicos galegos que impartan ensino obrigatorio e educación infantil. Defendemos que o modelo de xestión para eses comedores sexa a “xestión directa” pola Consellería de educación, onde todos contarán con cociña propia e todo o persoal, tanto de xestión, como de cociña, como de atención ao alumnado, sexan profesionais que conten con destino fixo no propio centro. O servizo estará destinado a todo o alumnado de ensino obrigatorio e educación infantil matriculado no centro e, por suposto, como servizo educativo que é, será gratuíto para ese alumnado. Tamén defendemos que nos comedores escolares galegos se utilicen produtos frescos, de proximidade e de tempada para acadar os obxectivos de calidade demandados.

Sabendo que a día de hoxe existen concellos que xestionan este servizo contratándoo a empresas de servizos, entendemos que debe existir pola súa parte un seguimento efectivo desas contratacións, unha vixilancia do cumprimento das condicións do contrato, e unha implicación directa no que atinxe a:

- Utilización de produtos de proximidade, frescos e de tempada.
- Control de calidade e cantidade dos menús.
- Potenciación da aprendizaxe de hábitos saudábeis.
- Control da profesionalidade dos monitores-as
- Diminución dos rateos monitor/alumno ata 12 nenos-as / monitor-a no caso de nenos de ata seis anos, e 15 a partires de aí; con atención personalizada ás necesidades especiais.
- Elaboración dun proxecto educativo coparticipado coas anpas
- Simplificación dos trámites de inscrición e comunicación familia-concello ou familia-empresa adxudicataria.
- Planificación dos espazos necesarios para que todos os nenos e nenas teñan unha praza de comedor nos seus centros escolares, eliminando quendas múltiples e instalacións non axeitadas.



Rúa Estocolmo, 8  
15707 – Santiago de Compostela

[anpasgalegas@gmail.com](mailto:anpasgalegas@gmail.com)

[www.anpasgalegas.gal](http://www.anpasgalegas.gal)

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>

<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>

**Tel 600 699 293 - 610 616 968**



Rúa Estocolmo, 8  
15707 – Santiago de Compostela

[anpasgalegas@gmail.com](mailto:anpasgalegas@gmail.com)

[www.anpasgalegas.gal](http://www.anpasgalegas.gal)

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>

<https://twitter.com/ANPASGALEGAS>

Tel 600 699 293 - 610 616 968

**b. Actividades extraescolares:**

Queremos que os Concellos se impliquen na programación de actividades extraescolares nos centros educativos, en horario non lectivo, ata as sete da tarde, e con carácter de permanencia e universalidade. Trátase de ofertar un catálogo amplo e non convencional de actividades durante as tardes dos días lectivos; non se trata unicamente de solucionar a problemática de conciliación da vida laboral e familiar, senón mesmo de programar e desenvolver actividades que abordando contidos deportivos, artísticos e culturais contribúan a fortalecer valores básicos dunha sociedade galega democrática: igualdade, respecto, inclusión, participación e posta en valor da nosa cultura; pero que contemplan tamén outros contidos como protección de incendios ou seguridade viaria, e mesmo de incluír outras centradas nos dereitos sociais, coñecemento de institucións, concienciación ambiental, xestión de residuos, responsabilidade no ciclo da auga, aforro de enerxía...

Hai Concellos, o de Vigo por exemplo, no que actualmente existen xa escolas deportivas municipais que desenvolven a súa actividade tanto nos pavillóns municipais como nos colexios que soliciten ter unha escola deportiva no seu centro, difundindo e promocionando a práctica do deporte entre a infancia e a mocidade.

**c. Actividades de conciliación en períodos non lectivos:**

Os concellos deberían ter unha oferta estable de actividades de conciliación durante todos os períodos de vacacións;: Nadal, Entroido, Semana Santa e o Verán. Unha oferta que permita ás familias manter o seu ritmo laboral, e que permita aos nenos e nenas gozar destes períodos nun ambiente de lecer. Mesmo deberían promocionar a posibilidade de fornecer á cidadanía co servizo municipal de atención domiciliar da infancia.

É fundamental que esta oferta exista, e tamén que se coñeza coa suficiente anticipación, debería ser parte dunha programación anual, estar situada en diferentes lugares do Concello para atender a toda a poboación; e debería ser única, coordinando a acción das diferentes concellerías para presentar unha oferta unificada.



Rúa Estocolmo, 8  
15707 – Santiago de Compostela

[anpasgalegas@gmail.com](mailto:anpasgalegas@gmail.com)

[www.anpasgalegas.gal](http://www.anpasgalegas.gal)

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>

<https://twitter.com/ANPASGALEGAS>

Tel 600 699 293 - 610 616 968

## 8. ATENCIÓN SOCIAL Á INFANCIA COORDINADA COS SERVIZOS EDUCATIVOS COMPLEMENTARIOS

Garantir a igualdade entre nenos e nenas implica entre outras accións, manter “invisibles” os medios que a fan efectiva, por iso pensamos que o labor social dos Concellos debe ter un capítulo económico diferenciado para que os nenos e nenas e as mozas e mozos que proveñan de familias desfavorecidas, sexa pola causa que sexa, poidan incorporarse con naturalidade na vida educativa, sen ver entorpecida esa incorporación pola mala, ou atrasada, xestión dos fondos destinados a fins sociais. Por iso esiximos una política de bolsas eficaz, discreta e exenta de publicidade.

Evidentemente, as anpas defendemos que os servizos educativos complementarios forman parte do ensino obrigatorio, e que en consecuencia deberan ser gratuítos para dar así cobertura á obriga constitucional do art. 27.3 da Norma Fundamental; e nesa liña pensamos que os Concellos deberían traballar no horizonte duns comedores gratuítos e universais, así como unhas actividades extraescolares do mesmo carácter.

## 9. ACTIVIDADES CULTURAIS: AS ESCOLAS DE MÚSICA, e outras.

Unha parte dos Concellos galegos teñen escolas de música; novamente a pretensión é que esas escolas non funcionen de costas ao resto da realidade social; as súas actividades deberían estar coordinadas cos centros educativos, tendo unha programación organizada a medio prazo que responda ás demandas dos veciños e veciñas no senso de ofertar un contido de continuidade e de favorecer a aprendizaxe e o coñecemento da música entre a nosa infancia e a nosa mocidade. Este mesmo discurso pódese ampliar ás escolas municipais de teatro, danza, etc, que xa están aparecendo nalgúns concellos galegos, e deberían espallarse como unha oferta coordinada e permanente.



Rúa Estocolmo, 8  
15707 – Santiago de Compostela

[anpasgalegas@gmail.com](mailto:anpasgalegas@gmail.com)

[www.anpasgalegas.gal](http://www.anpasgalegas.gal)

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>

<https://twitter.com/ANPASGALEGAS>

Tel 600 699 293 - 610 616 968

## 10. EDUCACIÓN AMBIENTAL

É desexable que o día a día nas escolas sexa un modelo de boas prácticas respectuosas co medio ambiente, que favorezan o uso racional dos recursos, sempre limitados, e un estilo de vida saudable e sostible. A administración local debe pór ao servizo dos centros escolares, recursos, medios e persoal para facelo posible, a través de accións coordinadas cos propios centros.

Nesta liña, queremos que dende a Administración local se utilicen espazos dispoñibles nos centros escolares, ou nas súas inmediacións, para dedicalos a horta, pequeno invernadoiro ou xardín, para o seu emprego como recurso educativo dos centros.

E queremos tamén que os centros se doten con colectores para a separación de residuos, e para a compostaxe; e de fontes de auga potable que contribúan á redución dos residuos plásticos.

Tamén consideramos interesante que esta mesma política de utilización de espazos públicos se aplique ao que agora se denominan “hortas urbanas”, ampliando a súa finalidade actual para incluír o seu valor educativo e formativo na organización de actividades extraescolares que aproveiten estes recursos como exemplificación do que pode ser unha utilización correcta da natureza.

Demandamos tamén que se favoreza a realización de xestións co concello (matrícula en servizo de comedor, programas de conciliación..) a través da web, o que non só resulta moito máis acaído para moitas familias, senón que ao tempo reduce o emprego de papel e os desprazamentos innecesarios.



Rúa Estocolmo, 8  
15707 – Santiago de Compostela  
[anpasgalegas@gmail.com](mailto:anpasgalegas@gmail.com)  
[www.anpasgalegas.gal](http://www.anpasgalegas.gal)

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>  
<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>

Tel 600 699 293 - 610 616 968

## 11. ACCESIBILIDADE DAS DOTACIÓNS COMUNITARIAS

Os concellos deben elaborar un catálogo de actuacións tendente a conseguir unha total accesibilidade dos espazos de uso común, e falamos tanto dos puramente escolares ou deportivos, como das bibliotecas, centros socioculturais, tránsito urbano, etc.

Pretendemos que as nosas cidades, vilas e pobos estean dotadas de ramplas, baños adaptados, sinais luminosas e acústicas, pictogramas, parques de xogo accesíbeis e elementos accesíbeis en todos os parques de xogo, e todos aqueles elementos que actúen en favor da inclusión; pero sobre todo queremos que exista unha conciencia pública sobre accesibilidade que condicione todas as actuacións da administración municipal tanto nas obras que faga como nas que autorice ou manteña, e por suposto que se complemente cunha planificación de mellora das infraestruturas existentes.



Rúa Estocolmo, 8  
15707 – Santiago de Compostela

[anpasgalegas@gmail.com](mailto:anpasgalegas@gmail.com)

[www.anpasgalegas.gal](http://www.anpasgalegas.gal)

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>

<https://twitter.com/ANPASGALEGAS>

Tel 600 699 293 - 610 616 968

## 12. TRANSFORMACIÓN DO ACTUAL ESPAZO PÚBLICO NUN ESPAZO PÚBLICO RESPECTUOSO COA INFANCIA.

Consideramos que a transformación do actual espazo público debería xirar, basicamente, entorno a dous eixos: urbanismo, mobilidade e vida, por unha banda, e transformación e acompañamento da mirada adulta-social por outra. Dous eixos que xiran xuntos.

É habitual que a administración manteña unha mirada da infancia como suxeito pasivo ou mero receptor de servizos e políticas; e que o desenvolvemento local teña lugar dende un parámetro claramente limitativo, asociado coas características do adulto, home e traballador. A isto súmase o medo dos pais e nais que dificulta a autonomía das nenas e nenos.

A nosa proposta é cambiar esa mirada, considerando ás nenas e nenos como persoas capaces, completas e singulares, agora e non no futuro; e promovendo un desenvolvemento local con parámetros dirixidos a que a infancia e mocidade se movan e habiten o seu pobo con liberdade e autonomía, pois esta liberdade e autonomía é garante de seguridade, calidade de vida e benestar para todas e todos. Sen deixar de escoitar os medos adultos, pero tentando acompañalos con experiencias deseñadas dende unha mirada de confianza.

Sobre o eixo de urbanismo e da mobilidade miramos cara Pontevedra, mais queremos facer fincapé na recuperación do prestixio social de camiñar. E poñer o foco na importancia da participación, en entender que o público, o común, transcende ao institucional. Que o espazo condiciona pero non determina, pois se queremos unha transformación debemos sustentala no físico e no emocional.



Rúa Estocolmo, 8  
15707 – Santiago de Compostela

[anpasgalegas@gmail.com](mailto:anpasgalegas@gmail.com)

[www.anpasgalegas.gal](http://www.anpasgalegas.gal)

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>

<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>

Tel 600 699 293 - 610 616 968

### 13. ALTA INTEGRACIÓN DA OFERTA FORMATIVA COA REALIDADE LABORAL E ECONÓMICA.

Malia que nós entendemos a función do ensino público encamiñada á formación integral do individuo en cando persoa, sabemos que desa formación vai depender tamén non só a súa integración social, senón mesmo a súa futura capacitación laboral; por iso consideramos que cando o ensino xa está orientado á formación específica, nomeadamente no caso da formación profesional, é importante que a oferta que se realice dende os centros escolares estea organizada concordando coas demandas económicas e laborais da contorna, consideradas tanto dende o punto de vista do afianzamento e prestixio da tradición local, como dende unha futura inserción laboral en proximidade. Pensamos que é labor dos concellos a demanda ás autoridades educativas dunha oferta que contemple esas variables.





Rúa Estocolmo, 8  
15707 – Santiago de Compostela

[anpasgalegas@gmail.com](mailto:anpasgalegas@gmail.com)

[www.anpasgalegas.gal](http://www.anpasgalegas.gal)

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>

<https://twitter.com/ANPASGALEGAS>

Tel 600 699 293 - 610 616 968

#### 14. DEPORTE E INSTALACIÓNS DEPORTIVAS

As ANPAs defendemos que os concellos deben traballar na promoción do deporte de base, dun xeito coordinado cos centros escolares e introducindo transversalmente estas actividades dentro da programación de actividades extraescolares. Un deporte ao servizo da inclusión e a igualdade, que promova as relacións entre as nenas e nenos, e tamén entre a mocidade, o compañeirismo, o traballo en equipo e a respectuosa competitividade saudable.

Defendemos a necesidade dunha dotación adecuada das instalacións deportivas municipais (canastras, redes bolea, material deportivo..) que facilite a realización de deportes colectivos e individuais; e entendemos que esta dotación inclúe a reparación e mantemento dos pavillóns, a construción de novas instalacións naquelas zonas que non posúan dotación abunda, e tamén a súa utilización fóra dos períodos nos que non haxa actividade escolar ou competitiva.

Parécenos de grande importancia a organización de actividades e eventos deportivos nos que poidan participar tamén a infancia e a mocidade con diversidade funcional; rompendo a concepción da práctica do deporte encamiñada ao logro dunha marca persoal para devolvelo ao seu carácter de xogo colectivo.

Nesta mesma liña, reclamamos nos concellos onde haxa piscinas municipais se amplíen as prazas destinadas a nenos e nenas con necesidades específicas de apoio educativo, e que nesas piscinas haxa monitores e monitoras especializados para a infancia e a mocidade que teñan unha formación específica que lles forneza de ferramentas válidas para se comunicar con eles.



Rúa Estocolmo, 8  
15707 – Santiago de Compostela

[anpasgalegas@gmail.com](mailto:anpasgalegas@gmail.com)

[www.anpasgalegas.gal](http://www.anpasgalegas.gal)

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>

<https://twitter.com/ANPASGALEGAS>

Tel 600 699 293 - 610 616 968

## 15. ORGANIZACIÓN DO TRÁFICO. NOMEADAMENTE ENTRADA E SAÍDA DOS CENTROS ESCOLARES

Como concepto xeral, queremos que se incrementen e/ou habiliten as prazas de aparcamento reservadas para persoas con mobilidade reducida, mellorando as condicións de acceso e a sinalización das existentes, e incrementando o control sobre o estacionamento nas mesmas. De tal xeito, que as familias e/ou persoas responsábeis do alumnado con mobilidade reducida poidan garantir unha praza de aparcamento nos momentos de acceso aos centros educativos.

Pretendemos que os concellos teñan plans de tráfico adaptados ás realidades dos colexios, que regulen as necesidades de aparcadoiro e estacionamento, e o movemento de vehículos e persoas ás entradas e saídas do alumnado nos centros escolares.

Para o anterior é preciso non só a reordenación dos espazos urbanos, senón a disposición de policía municipal, e mesmo a realización de campañas de concienciación para fomentar o tráfico peonil.



Rúa Estocolmo, 8  
15707 – Santiago de Compostela  
[anpasgalegas@gmail.com](mailto:anpasgalegas@gmail.com)  
[www.anpasgalegas.gal](http://www.anpasgalegas.gal)

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>  
<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>

Tel 600 699 293 - 610 616 968

## 16. CONCELLO INFORMADO

Os veciños temos dereito á información, é peza fundamental na programación da vida cidadá; pouco importa o que se faga se a veciñanza non é consciente do que se está a facer.

Por iso demandamos que a administración municipal dedique esforzos e tempo á información, para que os veciños dispoñamos dunha ferramenta de doado acceso e constantemente actualizada, un único portal, onde poder coñecer todo o que está a ocorrer na nosa vida diaria, independentemente de quen sexa a administración ou empresa que estea actuando.



Rúa Estocolmo, 8  
15707 – Santiago de Compostela

[anpasgalegas@gmail.com](mailto:anpasgalegas@gmail.com)

[www.anpasgalegas.gal](http://www.anpasgalegas.gal)

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>

<https://twitter.com/ANPASGALEGAS>

Tel 600 699 293 - 610 616 968

## 17. CONCELLO EDUCADOR

E rematamos cunha proposta dentro da que cabe todo o que se dixo, e que podería tranquilamente estar no primeiro lugar das nosas proposicións; porque entendemos que a cidade, ou o pobo, debe entenderse como recurso educativo ao servizo da veciñanza, nomeadamente dos cativos e cativas, e isto concretámolo en facer unha contorna:

- Inclusiva: accesibilidade física (ramplas, beirarrúas anchas, zonas de paso para peóns, consideración das necesidades dos carriños, cadeiras de rodas, parques infantís adaptados...), visual (pictogramas, sinais luminosos...), auditiva (coa axuda de sinais acústicas indicativas de paso, e coa integración de sistemas de conexión nos espazos públicos para as persoas que utilicen próteses auditivas ...)
- Cidade sostible: como aquela que recupera e potencia a vida dos seus habitantes favorecendo o respecto da contorna natural, a cohesión social, e educación para a paz e a integración cultural.
- Cidade democrática: establecendo procedementos e canles de participación cidadá dun xeito permanente e organizado.
- Cidade dos nenos e nenas: recuperando o espazo público para os cativos e cativas e facilitando a súa integración na sociedade.

Podemos poñer varios exemplos do que entendemos por unha política neste eido:

- Accións como os programas “camiñando ao colexio”, promovendo os itinerarios seguros aos centros escolares que favorezan o desprazamento autónomo a pé.
- Programas que favorezan as relacións interxeracionais, entre as persoas maiores e os máis novos, potenciando a presenza duns no espazo cotián dos outros e promovendo a aprendizaxe mutua.
- Posta en valor do patrimonio cultural e das actuacións municipais sobre deste: trátase de considerar aos nenos e nenas dos centros públicos de ensino como os primeiros usuarios de toda a actividade cultural do concello, favorecendo a información aos colexios e facilitando a presenza



Rúa Estocolmo, 8  
15707 – Santiago de Compostela

[anpasgalegas@gmail.com](mailto:anpasgalegas@gmail.com)

[www.anpasgalegas.gal](http://www.anpasgalegas.gal)

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>

<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>

**Tel 600 699 293 - 610 616 968**

dos escolares.